



O Furacán Informativo

dez ANOS



ÍNDICE

Editorial

furacán

Un ano máis, e xa van unha chea deles, O Furacán Informativo segue puntual á súa cita con toda a comunidade escolar. Este ano é moi especial para todos nós: o centro de secundaria cumpre dez anos de existencia e aló van tamén dez promocións de estudantes que marcharon. Estamos, entón, de cumpreanos e haberá sorpresas!!!

O Furacán é un proxecto colectivo, unha emoción común, que entre todos erguemos. O Furacán é, tamén un faro na noite, unha leira arada na que cada un bota a súa semente.

No novo número, moitas novidades: colabora con nós o experto ornitólogo Xosé Luís Rabuñal, temos unha entrevista co gourmet e querido ex alumno Xesús Soneira, unha reportaxe sobre o naufraxio do Adelaide en 1850, cunha crónica que nos envía o xornal inglés North Devon Journal e que se suma así ao noso proxecto, un test cultural para saber máis sobre o noso concello, leccións de chinés... e todo aquilo que nin sequera sospeitas.

Ah! E como estamos nun mundo tecnolóxico novo, un CD de acompañamento! O Furacán modernízase!

E todo a un prezo insuperable: de balde.

Lembra: se acabaches de ler o xornal e non o queres gardar, nin che vale para envolver nada, non o tires. RECICLA.

E agora, adiante. escoita, non é un vento calquera que nada move, non é unha treboada pasaxeira, non. É un Furacán!!!!!!

UN POUCO DE HISTORIA: xa son dez anos?

No presente curso escolar 2008/2009 cúmprense xustamente dez anos desde que o centro de secundaria botou a andar. Estamos, pois, de cumpreanos. Alá polo 1998/1999 comezamos, inicialmente compartindo centro con primaria durante uns meses, a carburar. Pasadas as vacacións de Nadal rematouse o edificio actual, que leva, por tanto funcionando desde xaneiro do ano 1999. E con boa saúde, de momento...

Resumir todo o acontecido nesta década non é doado. Foi un proceso de adaptación mútuo entre alumnos/as e profesores/as que, amais de compartir un espazo de traballo, comparten un modelo de convivencia. Para boa parte dos profesores/as, a mellor proba de que o camiño é correcto constitúeno as frecuentes visitas de ex alumnos/as que lembran, case todos con certa nostalxia, o seu paso polo centro.

Como cremos que son o mellor referente para todos nós, decidimos nesta nova época do noso xornal, botar man deles (xa os imos advertindo agora, por se len estas páxinas). Cada novo número do Furacán tratará de recoller unha entrevista con algún ex alumno, este ano comezamos con Suso Soneira. Tentaremos tamén que, de cando en vez, veñan polo centro a dar unha charla aos alumnos actuais sobre experiencias laborais, saídas profesionais... Para rematar o contacto (preparade as axendas) pensamos en organizar un xantar común con todos os que pasaron por aquí e queiran participar. En breve iremos contactando con todos.

Esta última idea xorde por petición expresa de moitos dos que nos veñen visitar.

Os profesores que foron marchando (Ánxeles, Nuria, Xermán, Cristina, David...) seguen identificados co proxecto, agora desde a distancia.







Do lado dos ex alumnos/as, pasaron varias familias: Trillo (Alberto e Martín) , Suárez Saleta (Avelino, Albano e Manuel), os Romar (Eloy e Silvia), Sousa (Víctor, Pablo e Ismael)... Outros que veñen agora á nosa memoria de súpeto; Xavier Ferreira, Ana Vidal, Roberto Castiñeiras, Eladio e Rebeca, Suso Bermúdez, Breixo, Noel, Pisco... O malo de anotar nomes é que quedan moitos por incorporar pero están igualmente presentes entre nós.




Unha lembranza moi especial para Cristina, a súa ausencia foi, sen dúbida, o momento máis doloroso na vida do centro.



Unha imaxe vale máis que mil palabras. Aí van, daquela, unha chea de fotos para que reactivedes a vosa memoria. Saúde a todos, amigos, e feliz cumpreanos.



Unha década en imaxes









Crónica. O naufraxio do Adelaide

Remembering the tragic Ship. The Adelaide was sailing from Bristol to West Indies with a cargo of coal....

Efectivamente, hai case 160 anos da historia que imos contar e probablemente moitos dos que nos lean, nin sequera coñecen este suceso. Velaí vai, pois, un resumo máis ou menos verídico, do que aconteceu:

O capitán William Dovell partira de Bristol camiño do Caribe co seu querido barco Adelaide cargado de carbón. A tripulación estaba composta por 15 mariñeiros, amais do capitán. Pero nesta ocasión viaxaban tamén a muller de Dovell, Frances Quartly, e o seu fillo de 12 anos, Willian Henry Quartly Dovell. Non era habitual que muller e fillo acompañasen na singradura ao capitán, pero o rapaz, enfermo de asma, ía experimentar os beneficios dun aire puro e natural, aconsellado por algún médico de Bristol. Cóntase que a señora Frances tivera negros presaxios días antes de embarcar, espertara na noite soñando con tráxicos naufraxios, loitas imposibles contra o mar... Estivera a punto de suspender a viaxe pero a seguridade do seu home, Willian, e a súa indestrutible do Adelaide convencerána de seguir adiante. Preparou as equipaxes con atención, repasando cada detalle xa que a viaxe era longa. Gardou tamén a súa inseparable biblia e aconsellouse co pastor protestante da súa vila días antes de partir. O rapaz, Willian Henry, estaba entusiasmado. El soñaba con gobernar algún día o Adelaide ou outro barco aínda superior.

Amáis, a viaxe supoñía deixar durante algúns meses a escola, os estudos e a dureza da disciplina escolar inglesa. Estivera lendo antes de partir libros de viaxes marítimas fabulosas, de descubrimentos incríbles, de loitas a morte contra luras xigantescas ou peixes nunca vistos de forza sobrehumana. Non lle daba chegado o día da partida! Todo, pois, en orde. A tripulación revisou, baixo a mirada atenta do capitán, cada cabo, a disposición das velas, a certeza das rutas... Frances dispuxera o camarote e probara o funcionamento da pequena estufa que levaban... Mirou unha vez máis o mar calmo e sereno naquela hora pero na súa cabeza figurábanse ondas inmensas erguendo polo aire o irresistible Adelaide. Calou. Non había volta atrás. Axoellouse no camarote e abriu outra vez a biblia. Zarparon. Os primeiros días todo ía perfecto e a vida a bordo case non se diferenciaba moito da

vida en terra. O tempo concedera unha tregua en pleno decembro e a familia Dovel pasaba case o día en cuberta. Mesmo mellorara considerablemente a respiración do pequeno Willian Henry. A situación empeorou de súpeto. O ceo negro, a presenza terrible dos lóstregos e a forza das ondas romperon a tranquilidade do Adelaide. O día 15 dous mariñeiros que tentaban arranxar o temón avariado foron engulidos polas ondas sen que ninguén puidese facer nada para recuperalos. Os berros confundíanse coa voz inmensa dos troncos... A señora Frances e o rapaz xa non saían do camarote e o rostro do capitán era agora tráxico, incerto, lonxe da serenidade doutras viaxes. Probablemente pesaba no seu ánimo a insistencia que tivera para convencer a Frances da viaxe e o pouco caso que fixera dos seus presaxios.



Os días parecían anos e o 19 de decembro, ás 8,30 horas chegaba doído o Adelaide á ría de Corme. En terra, as xentes de Laxe contemplaban atónitos a loita da tripulación contra o temporal e trataban de guiar as manobras do capitán. Logrou esquivar durante unhas horas a forza dos elementos desatados. Aquelas horas de paz foron as últimas para a tripulación. O capitán sospeitaba que o mar desconfiado estaba preparando a súa derradeira embestida. Falou con Frances e co fillo, aseguroulles que todo ía ben, contoulles que estivera en situacións moito máis difíciles, que era unha treboada pasaxeira... As palabras e o rostro do capitán contradiciáanse. Bicou a Frances e a Willian Henry e subiu a cuberta. As horas seguintes foron indescribibles. O Adelaide parecía un saltón na inmensidade do océano furioso. Desde terra só se vía unha luz de candil tremendo na inminencia da noite. O capitán tomou a decisión máis difícil da súa vida: ordenou a todos os tripulantes ocupar os botes e tratar de chegar como fose á costa. El resistiría ata o límite co Adelaide. Despediuse da muller e do fillo, dos mariñeiros e pregou que todo saíse ben, que cando menos se salvaran eles, ofrecendo a súa vida a cambio da dos outros...

Desde cuberta impotente e abatido asistiu como espectador á morte de todos eles. El logrou resistir e chegou con dificultade á praia, cuspid polo mar que non o quixo engulir, saciado xa polos corpos dos outros tripulantes. En Laxe foi acollido e recuperouse. Baixaba todos os días á praia e falaba co mar, lía a biblia desesperado, procurando a calma nalgún versículo. Os corpos da muller e o fillo foron recuperados pero non puideron ser soterrados na igrexa de Laxe, xa que eran protestantes e foron acollidos nun terreno adxacente, mirando ao mar funesto, o mar das premonicións da pobre Frances. O capitán Dovell regresou a Bristol, pero

o seu pensamento nunca saíu de Laxe.

Os restos de Frances e os do neno repousan aínda hoxe no mesmo sitio, no xardín da casa de Marcial, o noso conserxe, que tivo a xentileza de mostrárnolos. Hai quen ten na súa horta unha maceira, unha cerdeira, unha araucaria ou un cento de repolos, pero poucos poden presumir de ter dous ingleses e unha historia como esta soterrados. Iso, con certeza, imprime carácter. Non hai mellor cousa que ir visitalos ás cinco da tarde e compartir alí con eles e con Marcial un té, brindando pola armada inglesa e

mirando ao mar, ese camiño.

Os xornalistas do Furacán quixemos facer aínda algo máis para rescatar esta historia do esquecemento. Puxémonos en contacto co xornal de Bristol North Devon Journal e coa xornalista Catherine Courtenay, que nos enviou amablemente unha crónica sobre o naufraxio publicada nese xornal no ano 2003 e que transcribimos en versión orixinal. Outra vez máis, logo de 160 anos Laxe e Bristol irmáns na traxedia. A practicar idiomas!

Artigo publicado no North Devon Journal, o 1 de maio do 2003.

<http://www.thisisnorthdevon.co.uk/>



Tragic: the picturesque village of Parracombe where the Dovell family hailed from.



Remembered: the memorial to Frances Dovell, above, in Molland Parish Church, pictured top.

Remembering the tragic ship

THE TRAGIC story of a 19th Century Parracombe sea captain has made a lasting impact among a community that lies far away on the coast of Spain.

The *Journal* was contacted by the Spanish author of a book about shipwrecks off the North West coast of Spain, known locally as the Costa da Morte, or the Coast of Death.

Juan Campos said he was searching for the descendants of the captain of the *Adelaide*, a ship that was wrecked off the coast at Laxe, near Coruña, on December 19, 1850.

Born in Parracombe on October 30, 1808, Captain William Dovell was the only survivor. Sixteen people lost their lives, including Captain Dovell's wife and 12-year-old son.

The *Adelaide* was sailing

By CATHERINE COURTENAY

courtenay@northdevonjournal.co.uk from Bristol to the West Indies with a cargo of coal, collected from Cardiff.

Juan said: "William's wife, Frances, quitted her home in Molland in 1803, and their son, William, were not in the habit of sailing in the *Adelaide*, but the boy suffered from poor health, probably lung trouble, and, as was normal in those days, a sea trip was recommended.

"He was a pupil of Bristol Grammar school, the city where his parents lived."

Two sailors had been drowned trying to mend the rudder just a few days before the disaster at Laxe.

Juan said: "Frances had told her neighbours on the day before their departure of dark forebodings never to return.

These two deaths must have darkened the mood on board the ship."

On the morning of December 19, despite attempts by local people in Laxe to direct the *Adelaide* to safety, the ship was wrecked on the sands just yards from the beach.

Captain Dovell buried the body of his

wife, the youngest daughter of Henry and Elizabeth Quarry of Molland, on private, unconsecrated ground close to the church in Laxe, as laws at the time stopped Protestant bodies being buried in a Catholic cemetery.

The body of their son, with some of the sailors, was found in nearby Corme, days later, but nothing has been recorded about their burial site.

Desperately ill, the captain recovered from his ordeal at the home of Laxe resident Jose Gonzalez de Lema, who wrote a brief account of the shipwreck.

The loss of his crew, coupled with the death of his wife and 12-year-old child must have driven Captain Dovell to despair. Local tradition asserts that he returned to Laxe for several years afterwards to honour his dead. He was said to spend hours walking along the beach with a Bible under his arm.

Juan said local fishermen still recovered items from the wreck of the *Adelaide* which lay in water about ten metres deep.

He said: "After the gales of Easter 1968 I recovered a piece of coal washed ashore from the *Adelaide*. I have also seen some items, surreptitiously plundered by fishermen.

"Barrels of nails rusted into

a compact mass, the pipe through which Captain Dovell must have belched his last orders, the iron stove which must have warmed the Dovells' last moments and, to me the most moving, a small shoe horn, which must have belonged to the child or Mrs Dovell."

Juan said he would like to hear from anyone who had information about William Dovell and his family.

He did not know what happened to the grief-stricken captain. He possibly ended his days in Bristol. Mrs Dovell's body has re-


mained in Spain in a tomb that, according to Juan, "must have been on a dramatically beautiful spot in 1850, now sadly uglified by barbed wire and cement blocks."

But the memorial to her life, put up by her husband, remains at Molland, in the church where the couple were married in 1836.

Anyone with information about Captain and Mrs Dovell can contact Juan by e-mail on juansept@rahoc.es or the *Journal* on 01271-347423. His book is called *Naufragos de Anafá* (Juventud Barcelona 2002).

Unha botella de letras naúfragas

Cando xa pensabamos que ninguén mandaba unha mensaxe unha botella, debido ao emprego de Internet, desde Newfoundland (Canadá), chega unha carta do noso novo amigo Mathew.



Como esta é terra de navegación pasamos dun naufraxio de hai moitos anos a unha botella de letras que navegou ata nós. O noso compañeiro Rubén (2ºA) atopou, paseando pola praia de Traba, unha mensaxe nunha botella que chegou desde CANADÁ!!!! Reparade na singradura que fixo a botella, na cantidade de ondas que superou para quedar varada no areal de Traba. Nas páxinas que seguen podemos ler, en versión orixinal, a mensaxe, a resposta do grupo de 2ºA e unha última carta que volveu enviar, agora por correo ordinario, o noso amigo de alén mar. Tamén tedes un gráfico do misterioso percorrido que puido facer a mensaxe embotellada.



MATTHEW HOYLES
72 LONDON ROAD
CARBONAR N.F.L.D
A1Y - 1A6

Hi My NAME IS MATTHEW HOYLES AND I AM 9 YEARS OLD, I LIVE IN CARBONAR NEWFOUNDLAND CANADA. I AM SENDING THIS MESSAGE IN A BOTTLE IN HOPES THAT SOME DAY SOMEONE WILL ANSWER ME. I HAVE A LITTLE SISTER HAILEE, SHE IS 5 AND I LOVE HER VERY MUCH SHE STARTS SCHOOL THIS YEAR I HAVE A DOG NAMED SANDY HE IS 6 YEARS OLD AND I PLAY WITH HIM A LOT HE IS A GOOD DOG MY MOMMY IS A SCHOOL TEACHER SHE IS BEAUTIFUL, MY DADDY IS A SAILOR HE WORKS ON THE WHITE ROSE OIL FIELD ON THE SUPPLY SHIP MAERSK CHIGNECTO HE TOLD ME IF I BOTA A MESSAGE IN A BOTTLE IT COULD END UP ANYWHERE IN THE WORLD HE IS GOING TO THROW IT OVERBOARD IN HOPES THAT SOMEDAY SOMEONE WILL FIND IT AND WRITE BACK TO ME TODAY DATE IS AUGUST 27/2008 MY DAD WILL THROW IT OVERBOARD TONIGHT WHO EVER FINDS THIS MESSAGE PLEASE WRITE BACK TO THE ADDRESS ABOVE I LOOK FORWARD TO HEARING FROM SOMEONE GOOD LUCK.

YOUR FRIEND
MATTHEW HOYLES

CPI CABO DA AREA
Rúa Isidro Parga Pondal.
15118 Laxe - Spain.

Laxe 31st January 2009

Dear Matthew,

We are a group of secondary students from Galicia on the North - West coast of Spain and we found your message in a bottle in November.

We live in Laxe a small fishing village near La Coruña.

We are five girls and four boys between thirteen and fifteen years old.

Ruben, one of the boys in our class found your letter on Traba beach, a village near where we live.

He found your letter when he was taking his dog, for walk on the beach and he brought in to school.

He showed it to our English teacher and we decided to write you back.

We are very happy to share this exciting experience with you and we hope to hear from you again.

We are sending you a picture of our class and a little map showing you the journey your bottle has made.

If you want to get in touch with us here's our web page <http://centros.edu.xunta.es/cpicabodaarea>.

Lots of kisses from.

*Resposta dos alumnos de Laxe a Mathew.
¡Nunca mandamos unha carta tan lonxe, ata
NewfoundLand, Canadá!*



Matthew Hoyles
72 London Road, Carbonear
NL, Canada
A1Y 1A6

Friday, Feb 13, 2009

Dear Friends!

There is superstition that Friday the 13th is not a lucky day, well for me it is! My mom checked the mail and found your letter. I am so excited! When I thought secondary students, that means university students to me and I thought you were older until I looked at the picture. I cannot believe that my letter drifted with the currents from an Newfoundland, on the east of Canada all the way to you! I loved looking at the pictures you sent and where the letter was found, I am glad you picked up the bottle.

My mom is going to type this first letter as there is much I want to share but still am only 9 years old. I will tell you a little bit more about myself! I live in Carbonear, Newfoundland and the population here is about 7000. The population of Newfoundland is 500,000. I go to Davis Elementary school in Carbonear where there are 250 students from kindergarten to grade 5 and there are 18 students in my class (a little bit bigger than your class). My sister is in the same school and my mom teaches in the community next to us in Hr. Grace. (Population 2500). My mom is a French teacher and she told me she did a couple of Spanish courses in university.

I love sports! I am a blue belt in Kenpo Karate, I run cross country, I swim, and I play indoor soccer in the winter and outdoor soccer in the summer. I am a big fan of the World Wrestling Entertainment (WWE) and I play guitar.

Danny Cleary (#11 from the Detroit Redwings in the NHL) lives in the next community of Hr. Grace as does Jamie Korab, an Olympic gold medalist in curling from 2006 in Torino, Italy!

The weather in Newfoundland is cool in summer (never very warm, 25 degrees Celsius is hot to us) and our winters are cold, sometimes -30 with the wind chill factor. It is even possible to have all four seasons in one day.

Newfoundland's economy was once mainly a fishing industry, but there are not so many people fishing here now. Oil production is very big right now with several oil rigs set up in our waters. That is where my dad sent the letter from in the first place.

My mom is collecting some souvenirs to send along and I am sending a picture of myself. I hope that you find the time to write me again, I thoroughly enjoyed receiving your letter. You can email me at mattyhoyles@hotmail.com. Thank you for the wonderful opportunity to meet you!

Your friend,
Matthew
Matthew Hoyles

*Segunda carta de Mathew, unha vez recibida
a resposta dos rapaces de Laxe. Tamén
nos mandou unha foto súa e postais de
NewFoundLand.*



XESÚS SONEIRA RAMOS : Sumiller galego

A partir deste número abrimos unha nova sección do Furacán dedicada aos ex-alumnos/as, hoxe espallados polo mundo cada un co seu camiño. En cada nova entrega saberemos algo máis da nosa xente e das lembranzas que gardan. Eles son parte do que agora somos todos nós...

“A aprendizaxe: un esforzo estar lonxe da Terra na que nacín”

Pregunta: Entón, Suso, como lembras os teus anos no noso centro?

Resposta: Pois antes ca vós fun eu, aínda acordo perfectamente aquel ano 1999 cando comezamos a nosa última etapa nun novo instituto que tivemos a oportunidade de inaugurar e ao que máis tarde chamarían CPI Cabo da Area. Pasamos moi bos momentos pero con dificultades, o colexio non estaba tan ben rematado como parecía, non tiñamos patio, e moita xente seguía estrañando a nosa escola vella de toda a vida. Pero pasamos tamén moi bos momentos e puxémonos mans á obra para facer do noso pequeno fogar un lugar no que estar a gusto e pouco a pouco foise conseguindo. Mesmo os alumnos que só querían rematar o máis pronto posible e poñerse a traballar, agora case dez anos despois son os primeiros que vos recomendarían a todos vós seguir estudando.

Eu escollín seguir estudando, e aínda que ao primeiro a ninguén lle convencesa a idea que que estudase “hostelería”, fixen caso do meu corazón e agora é a miña profesión, e case se podería escribir con maiúsculas.

Despois, que camiño tomaches?

Despois de pasar o pequeno dilema de “¿onde fago bacharelato en Baio ou en Ponteceso?” decanteime por

Ponteceso e non me arrepiño en absoluto. Foron 2 anos moi plenos e moi amenos no instituto compartindo coñecementos con alumnos veciños do noso concello. Cando chegou o momento da selectividade e as notas finais volve o dilema de cun 7,8 de media ¿estudar hostelería? Antes críase que só a xente que “non valía” se decidiría por iso, pero a sorpresa é que a pesar de ser a miña a nota media máis alta do ciclo os demais nos distaban moito dese 6 ou 7 tan desexado para algunhas carreiras universitarias.

E, ao fin, Santiago, non é?

Esta é unha nova etapa que lle recomendo vivir a todo mundo, chegar a Santiago (unha gran cidade se comparamos con Laxe) con tanta xente e embarcarse na



aventura de buscar e compartir piso pero tamen de aprender, estudar e traballar, xa que durante os 2 anos de curso traballaba polas tardes, sabados e domingos para poder vivir con independencia. Non dubido en dicir que foron os mellores anos da miña vida: veráns traballando e invernos traballando e estudando. Ese ano estiven en Málaga na final española de coctelería, fun campión galego de cócteles con mel e o segundo clasificado entre estudantes de cocina galegos en Pontedeume, todo froito do esforzo.



Chegou a hora de traballar...

Pouco despois e sen case decatarme estaba a traballar no mellor hotel de Galicia (ou o mellor desa época) o Parador Hostal dos Reis Católicos en Santiago, ata que chegaron os temidos exames internos da empresa. Aínda que moitos pensades que non ides estar facendo exames unha gran parte das vosas vidas, este exame era para conseguir un posto fixo de traballo na empresa, e como ninguén é perfecto suspendín o exame de inglés polo cal toca cambio de traballo e “desembarquei” en Monforte de Lemos.

Por riba de todo quero destacar o cariño e amizade da xente dunha cidade que case non sabía onde estaba, coñecer xente nova, un traballo novo pero “o meu traballo” e sempre direi que non me arrepinto nada dos 9 meses que traballei con esa xente tan fantástica. E chegou de novo a proba dos exames para “loitar” pola praza e desa vez non loitei, nin sequera me presenteí e comecei a barallar a posibilidade de marcharme ao estranxeiro. Son miles as cousas que che pasan pola cabeza pero pensar “se despois de case 4 anos de estudos e esforzos volvo a suspender a proba de inglés...” e case nin o dubidei cando lle dixen a todo o mundo que marchaba para Irlanda, a Dublín.

A Dublín!!!

Entre o apoio e a tristeza cheguei a un sitio diferente pero esta vez era un país distinto, outra cultura e outra lingua!!

Uff!! foi a miña expresión máis usada durante uns meses. Lembro o día que me mandaron poñer o leite que chegou na neveira e eu só lle entendín “leite” e “neveira” e baleirei a neveira de leite. Agora riome pero a cara que lle quedou ou ós irlandeses que estaban comigo xa a podedes imaxinar. Custou traballo pero pouco a pouco as palabriñas nese idioma raro como nos parece o inglés, foron entrando na miña cabeza. Ao primeiro tiña pensado ir por 6 meses pero en total foron un ano e 9 meses de experiencias culturais e convivencia con xente de todo mundo: Irlanda, Inglaterra, Italia, Francia, Alemaña, China, Xapón, Suecia, Sudáfrica.....cos que compartía traballo, festas e estudos, porque durante o meu tempo aló aproveitei para obter o First e o Advance, dous certificados da Universidade de Cambridge mundialmente recoñecidos e quizais dos exames máis duros de toda a miña vida... Xa me imaxinades cun “inglés” con acento galego xunto cun pechado acento irlandés, que pronto se me pegou dos meus axudantes de cociña, que vían como un galego que chegou sen saber dicir nin bos días agora era o seu xefe de cociña.

Despois de ter máis que logrado o meu obxectivo cavilaba “preciso facer algo diferente”, pero sempre pensando que xa estaba acostumado a traballar e estudar. Cheguei a Barcelona, e despois de volver a buscar

polos caixóns aquel certificado do meu 7,8 de selectividade máis de seis anos despois (cando sempre pensei que non me ía a valer para nada facer bacharelato e selectividade) presenteino na escola superior de hostelería de Barcelona, e aló me aceptaron nun novo curso, unha nova tendencia no mundo da restauración, Sumiller ou Sommelier: catador de viño e bebidas (augas tamén). Dentro duns meses, e, aínda que hai moita xente moi ben preparada, quizais poida ser dos únicos sumillers de toda Galiza con titulación.

Unha vida movida. E agora, que fas?

E aí me atopo actualmente facendo o segundo curso e traballando de 2º maitre e encargado do restaurante do hotel ME by Meliá, un gran hotel de cinco estrelas de Barcelona.

E sígome a esforzar día a día para aprender máis. Aprendo de todo o que me rodea e da xente que traballa para min e aínda que eu lles ensine, eles apórtanme máis do que cren.

Que mensaxe enviarías aos alumnos/as do CPI Cabo da Area, a túa segunda casa?

Con todo isto quero transmitirvos que se pode ser ou non un exemplo a seguir, pero que con ganas e esforzo conséguese o que un se propón. Para min non foi fácil nin tampouco será para vós, pero nunca vos rendades nin vos deades por vencidos. Tentade sempre saber máis, que todo o que aprendades non vai ser máis que para vós, así que aproveitade e vivide o momento. Espero dentro de 10 anos ler un artigo sobre todos vós como persoas que triunfades facendo o que vos gusta.

Algunha última cousa?

Pois unicamente saudar a todo o CPI Cabo de Area, onde tan bos tempos pasei. Aos meus compañeiros de “xeración”: Breixo, Eladio, Ana Vidal, José Ramos, Charlín... e tantos outros e, como non, tamén aos meus profesores: Nuria, Ánxeles, Xermán, Maite, Fernando, Xosé, Paula, Martín, Jorge, Carmiña, Xosé Manuel...

Un último favor: a ver se nos podes enviar unha receita ou algo así, unha mostra do teu traballo.

Iso está feito. Unha receita galega e sinxela:



PEITUGA DE GALO DE CURRAL ESTUFADA AO QUEIXO DE SAN SIMÓN CON ARROZ PILAW.

Láminas ou dados de peituga cociñadas cunha salsa de nata e queixo e acompañada de arroz

INGREDIENTES	CANTIDADE
Peitugas de polo	5 unidades
Cebola	2 pezas
Aceite de oliva	100 ml
Viño branco	50 ml
Fariña	
Nata líquida	250 ml
Queixo San Simón (afumado)	1 peza
Allo	1 dente
Arroz	500 gr
brandy	50 ml

Nº RACIONES: 5

PREELABORACIÓN:
Salpimentar ecortar as peitugas, darlle un golpe de fariña e dourar en aceite moi quente.

ELABORACIÓN: .
Facer o fondo cun pouco de cebola pochada (frita) e aceite. Engadir aí as peitugas, o viño branco e o brandy (flambear se se quere). Deixar reducir o líquido e estufar. Engadir o queixo en dados. Unha vez reducido, engadirlle a nata e espesar un pouco (isto pouco antes de saír co lume baixo para que non se corte a salsa)
Facer co dente de allo e a cebola frita un arroz pilaw (este é un arroz rematado ao forno semi- seco e cruxinte, pero vale un arroz cocido tradicional) para gornición.

PRESENTACIÓN:
Intentamos facer un niño de arroz e colocamos o polo dentro coa salsa..

TRUCOS:
O polo podese substituír por lomo de porco por exemplo ou engadir setas ou champiñóns.
Calquera carne cociñada con cebola e alcohol queda máis branda.
Ao rebozar e fritir o polo, antes faise unha capa de fariña ao redor, o que fai que non se seque por dentro e ao mesmo tempo espesa a salsa.



MARIDAXE:

Isto é un pequeno matrimonio entre viño e comida tan buscado no servizo en restaurantes e o meu principal traballo.

Sen sairmos da nosa Terra:

Branco con corpo e potencia como: Godello D.O. Valdeorras tipo Guitián
Albariño fermentado en barrica tipo Pazo de señoráns,

Organistrum...

Tinto lixeiro e afroitado como: Mencía D.O. Ribeira Sacra tipo Rectoral de Amandi ou Abadía da Cova

Ou un Ribeiro tinto, dese que tanto nos gusta a todos.



INVESTIGACIÓN: OS CASTROS

Os habitantes do noroeste da Península Ibérica a finais da idade de Bronce comezaron a vivir en castros, que agora podemos divisar. Os castros xeralmente ocupaban lugares altos, con vistas e preto do mar, para que os habitantes se puideran defender a tempo e non seren invadidos.

A VIDA COTIÁ NO POBOADO

Os habitantes do castro vivían de traballos como: a agricultura e a gandería (principalmente), aínda que algúns tamén vivían da pesca e do marisqueo.

As súas labores eran moi variadas e especializadas. Realizábanse dentro do poboado. Traballaban excepcionalmente o metal e a madeira. As actividades máis comúns eran: a olería e os téxtiles. Dos téxtiles teñen moitas probas de instrumentos dedicados a este labor (fusaiolas, pesas de tear, agullas...)

AS VIVENDAS

Os castros diferéncianse moito da idea que temos hoxe en día do concepto casa. En lugar de dividir un espazo, ocupaban unha superficie que incluía varias construcións, cada unha dedicada a unha cousa diferente. Este conxunto formaba unha unidade familiar na que poderían chegar a vivir tres ou catro xeracións.

As vivendas estaban construídas de pedra ou pallabarro; os tellados estaban realizados con elementos vexetais e cubertos de palla. As vivendas tiñan distintas formas aínda que predominaban as cabanas



circulares debido á facilidade de construílas e de teitalas.

No interior das vivendas normalmente os pavimentos son de terra pisada e as paredes poden estar revocadas. Os elementos interiores (portas, faiados, repisas e mobiliario), estaban feitos de madeira.

Na cabana dedicada á cociña tiñan unha zona xa específica para facer lume (o fogar).

EXCURSIÓN AO CASTRO DE BORNEIRO

Na excursión ao castro de Borneiro os alumnos de primaria fixeron xogos para aprender máis cousas sobre o castro. Os xogos, consistían en buscar pezas polo territorio do castro, e montar un crebacabezas.

O día da excursión estaban escavando outra parte do castro e encontráronse moitas ferramentas, potes...

O MUIÑO DE MATÍO

Introdución

O muíño foi un elemento fundamental para a agricultura popular galega. A súa finalidade era a de moer o gran para a obtención de fariña. Existen muíños de diferentes tipos: o caso que imos estudar é un muíño hidráulico.

Os muíños de auga presentan dous tipos: o de roda matriz horizontal (rodicio) e os que a teñen vertical (bruia). O muíño sitúase á beira do río ou regato aínda que tamén pode estar afastado deste, son en xeral construcións de pequenas dimensións. Dentro dos muíños hidráulicos distínguense: os de canle e os de cubo.

MUIÑOS DE CUBO: Emprégase en cursos de escaso ou de regular caudal, como depósito de almacenamento da auga.

MUIÑO DE CANLE: A súa principal característica radica na canle pola que circula constantemente a auga que vai dar ao “inferno”, pódeos haber de canle descuberta ou cuberta no seu tramo inclinado, e ás veces nunha parte do tramo horizontal.

ADIVIÑAS

Que cousa, cousa
é
que mentres come
canta,
e se non come cala ?

Anda e non ten pés
come e non ten boca
canta comida lle dan
toda lle parece pouca.

-Auga pasada non move muíño.
-Tanto gaña a muiñeira co que moe como
co que peneira.

-Muiñeiro do diaño que a fariña a fai
salvado.
-O Crego e o muíño cantando gañan.



A nosa viaxe ao muíño de Matío

Un sábado pola tarde collemos a bicicleta e fomos en busca do muíño. Chovía moito, os camiños estaban enlameados e case caemos na cuneta. O camiño estaba ben indicado, é un camiño de terra que cando chove se enlamea un pouco.

Pouco despois atopamos un camiño de herba cortada de bo acceso, pero ó redor do muíño estaba cheo de herba alta e fentos, que dificultan o acceso ó interior do muíño. O muíño ten un tellado novo e as portas tamén. Fíxosenos de noite e para volver a casa non viamos case nada. Foi unha aventura moi divertida aínda que perigosa.

XENTE NOSA : Os gaiteiros da Torre

No noso xornal interésanos moito a historia de todos aqueles que loitan para preservar ou recuperar o patrimonio. En cada novo número trataremos de presentarvos a algúns deles. Nesta ocasión pedímoslles unhas liñas a Alejandro, Manolo Otero, Manolo Facal e Pardiñas, Os da Torre, que aí andan, pelexando coas muiñeiras de Cándoa, coa xota de Neaño ou coa foliada de San Fins. E velaí o que contou Pardiñas:



Pregunta: Cantos sodes no grupo e como comezastes?

Resposta: Somos catro e ás veces xúntanse máis, con mellores precedentes que realidade, pero sen perder as esperanzas de mellorar.

Todo foi idea de Alejandro. Tiña mono da percusión e a verdade é que eu tamén. Xa había doce anos que colgara a gaita e érame tempo de máis! E aí estamos, pois, Alejandro, Manolo Otero, Manolo Facal e eu, Pardiñas. Meu pai pasoume o dereito de usa-lo seu nome, excepto na aldea, que aínda o reserva para el.

E cales foron as vosas raíces?

Temos raíces de músicos de verdade, os nosos devanceiros: Francisco da Cancela, meu avó, Alejandro Vidal, pai de Alejandro e fillo de Francisco Jesús Suárez, o gaiteiro das Pereiras, que me agasallou coa primeira gaitiña de freixo feita por el e ao que unha imprevista enfermidade impediu que me aprendera a tocala... Descanse en paz o señor Jesús.

Sodes catro oficiais, pero hai máis de arredor?

Somos catro coa axuda de Dios. De Manolo Dios, de Fornelos, a penúltima fichaxe, porque esta tertulia de amigos con fumes de gaiteiro está aberta a quen queira. Algúns veñen por aquí as tardes do domingo e outros frecuentemente: Paco, Ernesto ou o tío Alejandro, saxofonista de sempre e acordeonista agora. Vide cando volo pida o corpo! O noso obxectivo é pasalo ben co que nos gusta. Toca-la gaita e falar algo de todo e pouco de política e tamén ter unha saída para os que xa estamos cos pés na xubilación!

De que falades e que tocades?

Falamos de alalás, do concerto de Carlos Núñez, de Emilio ou de Pablo Carpintero... Que sei eu!

E tocamos o mellor que coñecemos, as pezas de gaiteiros do noso arredor: a xota de Neaño, as muiñeiras de Cándoa, Laxe ou de Mórdomo, a foliada de San Fins... É que arredor da ría hai música abondo para enche-lo noso repertorio. Corme, Ponte, Neaño, todo terra de músicos e gaiteiros (que non é o mesmo)

Actuades algunha vez?

Si, actuamos alí onde nos convidan: fomos dúas veces á romería da Fonte de Fornelos, dúas veces á clausura dos cursos culturais de Serantes, outras dúas veces na festa da Torre...

Ah! E aínda debemos unha actuación polo día das letras galegas en Pasarela, xa que un imprevisto impediunos acudir. Estamos ao seu dispor, se teñen a ben convidarnos outra vez. Pero para nós o mellor é aínda tocar nos acontecementos familiares, porque é tocar para nós mesmos e disfrutar.

Unha historia poderosa. Xente nosa, de aquí, do arredor, botando unha semente que, con certeza, chegará a froito. Parabéns, pois, polo seu labor.

No próximo número máis sementadores de patrimonio!

Muiñeira Vella de Mordomo



OUTRAS LETRAS : O alfabeto chinés

Se queres saber moitas cousas sobre o chinés, só tes que entrar na páxina web:

www.chino-china.com

O alfabeto chinés foi a primeira creación do mago Xan Hui Man Chan no ano 3400 a.C. Man Chan é famoso pola súa creación dos alfabetos Chineses, Coreanos e Árabes. O alfabeto chinés é basicamente o alfabeto latín. Ten máis trazos, tantos como os necesarios para que as letras orixinais non sexan recoñecidas e parezan ser parte da creación dunha mente enferma. Os chineses non son bos conservadores, así que o seu alfabeto cambiou moito nos 5000 anos que pasaron dende a súa creación.

Agora imos reproducir unha serie de aspectos da vida cotiá básicos e algunhas frases elementais. Poñemos, entón, a frase en galego, a súa correspondente versión en chinés e incluimos tamén a súa pronunciación. Con estas leccións xa podes viaxar a China ou polo menos a un bazar chinés:



Esta foto pertence a Okinawa Soba

Expresión en galego	Escritura chinesa	Pronunciación
Eu	我	Wǒ
Ti	你	Nǐ
Como estás?	你好吗	Nǐ Hǎo Ma
Moitas grazas	多谢	Duō Xiè
Ola	咳	Hāi
Ata logo	再见	Zài Jiàn
Fresa	铣刀	Xǐ Dāo
Mazá	苹果	Píng Guǒ
Pataca	马铃薯	Mǎ Líng Shǔ
Verde	绿	Lǜ
Negro	黔	Qían
Ligar	绑	Bǎng

CRÍTICA LITERARIA: Crepúsculo

Directora: Catherine Hardwicke

Productor: Wyck Godfrey, Greg Mooradian, Mark Morgan, Karen Rosenfelt

Duración: 02:02:00

Estrea: Venres, 5 decembro 2008

Xénero: Fantástico

País: EE.UU.

Distribuidora: Aurum Producciones

Reperto:

Kristen Stewart (Bella)

Robert Pattinson (Edward)

Taylor Lautner (Jacob)

Billy Burke (Charlie)

Peter Facinelli (Carlisle)

Elizabeth Reaser (Esme)

Nikki Reed (Rosalie)

Kellan Lutz (Emmet)

Ashley Greene (Alice)

Jackson Rathbone (Jasper)

Cam Gigandet (James)

Rachelle Lefevre (Victoria)

Edi Gathegi (Laurent)

Crítica:

Baseada nos libros de Stephenie Meyer, cóntanos a historia de amor entre Bella, unha moza normal, e o vampiro Edward. Recadou máis de 70 millóns de euros no estreo nos Estados Unidos. O guión falla un pouco e os efectos nótanse pero todo indica a que foi culpa da directora (Catherine Hardwicke), quizais por isto cambiaron a directora para a película do segundo libro da saga (Luna nueva). Comparada co libro son distintas, pero os cambios que introduciron na película son totalmente necesarios para que fose entretida, porque no libro céntrase no amor de Bella e Edward, en cambio na película destacan os asasinatos, vampiros...

De todos modos estaremos esperando a segunda película, que a teñen prevista para setembro deste ano. Anímovos a vela!!

Crepúsculo (Libro)

Escritora: Stephenie Meyer

Ano publicación: 2005

Tradutor: José Miguel Pallares

Ano tradución: 2006

Editorial: Alfaguara

Xénero: Fantasía

Páxinas: 504

Argumento

Cando a nai de Bella Swan se casa por segunda vez, decide marcharse a vivir co seu pai a un pequena e chuviosa aldea chamada Forks. Alí coñece ó protagonista, Edward Cullen. El consegue atraer a atención de Bella e moi pronto namóranse. Co tempo, Bella remata por descubrir o gran segredo de Edward: el e a súa familia son vampiros. Non envellecen, son fisicamente perfectos e toman o sangue de animais a diferenza do resto de vampiros que se alimentan de humanos. Cando James (o antagonista) "ole" a Bella, fai un plan para que Bella vaia a un estudo de ballet onde pensa matala. Alí é onde Edward logra salvarla e así destruír a James.

Cinco diferenzas entre o libro e a película

1) No libro contase detalladamente como Carlisle conseguiu en 200 anos controlar a súa sede e agora con algo máis de 300 logrou inmunizarse a sangue humana o que na película non se aprecia o esforzo que fai Edward.

2) Na película suprímese a amizade que existe entre Bella e Alice que en teoría non ten relevancia, pero para a seguinte película deben explicalo porque Charlie (o pai de Bella) tenlle un cariño espe-



Esta foto pertence a kathelo

<http://www.flickr.com/photos/chicadeuptown/3453024449/>

cial e son as dúas as que salvan a Edward dos "vulturis"

3) Jasper ten o poder de manipular as emocións pero na película cando Edward fala do seu "don" e o de Alice non menciona o de Jasper

4) No libro de crepúsculo os vampiros nómades (James, Laurent e Victoria) non aparecen ata ó final, en cambio, na película vense como cazan a algúns veciños da zona para dar suspense.

5) Na película a escena do prado acúrtase e cambiase practicamente todo o contexto e ademais está a pouca lonxitude do instituto, mentres no libro indica que é una especie de lugar íntimo que so Edward coñecía da súa existencia



Esta foto pertence a t~!R!\$*~†*

<http://www.flickr.com/photos/chicadeuptown/3453024449/>

REPORTAXE CIENTÍFICA: algúns datos sobre a importancia ornitolóxica da ría de Corme e Laxe

Agradecemos a José Luis Rabuñal Patiño a súa atención cara nós por agasallarnos esta reportaxe que nos abre a porta a algo tan descoñecido para nós: os paxaros. Tamén amosamos a nosa gratitude cara él polo amor e coidado do medioambiente que nos ensina, ca súa labor.

A ría de Corme e Laxe, no seu aspecto actual, ten a súa orixe remota nunha falla producida pola oroxenia tardohercínica (período Pérmico), que provocou o afundimento dun bloque rochoso, composto principalmente por granitos de dúas micas, en sentido NO-SE (o mesmo que as rías de Camariñas e Lires, as outras dúas rías da Costa da Morte propiamente dita), formándose así un gran oco na fronte rochosa do litoral que foi inundado por última vez polo mar cando finalizou a última glaciación, hai uns dez mil anos, e produciuse a conseguinte elevación do nivel das augas mariñas. O seu embocamento está formado pola punta do Roncudo e o cabo Laxe, mentres que no seu fondo de saco desemboca o río Anllóns despois de completar o percorrido do seu fermoso e valiosísimo esteiro, tamén coñecido como enseada da Insua, que ten a súa propia orixe remota noutra falla, producida tamén pola oroxenia tardohercínica, que causou o afundimento dun bloque rochoso en sentido NE-SO, de forma que o eixo principal da ría e o do esteiro córtanse practicamente en ángulo recto, aínda que aos efectos deste traballo a ría en sentido estricto e o esteiro considéranse como elementos integrantes dun só conxunto: a ría de Corme e Laxe. Sen poder entrar aquí, como é natural, en consideracións sobre outros dos moitos valores da ría de Corme e Laxe, a súa gran riqueza ornitolóxica está determinada principalmente pola concorrencia de dous factores esenciais:

- En primeiro lugar, a existencia nun espazo relativamente pouco extenso dunha enorme diversidade de hábitats: cabos e promontorios, augas mariñas libres, praias, dunas de varios tipos, acantilados e fumas, montes con súas landas costeiras e placas eólicas, hábitats estuarinos propiamente ditos, marismas, as augas doces do último tramo do Anllóns, etc. A este respecto,

debe destacarse que, de acordo co Anexo I da Directiva 92/43/CEE, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (publicada no Diario Oficial das Comunidades Europeas de 22 de xullo de 1992), na ría de Corme e Laxe están presentes, como mínimo, catorce hábitats naturais de interese comunitario, tres dos cales teñen ademais a consideración de “prioritarios”.

- En segundo lugar, a súa situación xeográfica (coordenadas: 43° 12' 50" N., 8° 58' 59" O.), de forma que a ría de Corme e Laxe encóntrase na rexión

zooxeográfica mediterráneo-atlántica de acordo coa clasificación de S. Ekman (1953), e, nun sentido máis concreto e preciso, en plena Costa da Morte, moi cerca do vértice Noroeste da Península Ibérica

Como resulta obvio, a riqueza da diversidade de hábitats implica a respectiva riqueza da diversidade de especies asociadas a ditos hábitats. Pero ademais, por outra parte, a situación xeográfica desta ría é moi favorable desde o punto de vista ornitolóxico polas seguintes causas:

- Coincide cunha importantísima ruta migratoria de aves mariñas



que nidifican en rexións setentrionais de Europa e de Asia occidental e que invernan en latitudes máis meridionais que á de a ría de Corme e Laxe, sendo oportuno citar aquí que observacións realizadas no cabo Estaca de Bares no recente ano 2008, limitadas a só 140 días e 500 horas, é dicir, a un promedio dunhas tres horas e media por cada día de observacións, permitiron contar ata 275.000 aves mariñas (sen incluír as gaivotas), 259.000 das cales foron vistas durante o paso outonal (comunicado por A. Sandoval Rey), resultando indubitable que a maioría de ditas aves pasaron tamén fronte á ría de Corme e Laxe e que, polo menos unha boa parte delas, poderían ser vistas desde a punta do Roncudo e o cabo Laxe.



- Coincide tamén cunha ruta migratoria de aves terrestres (é dicir, non mariñas) que nidifican nas mesmas rexións setentrionais citadas e invernan principalmente no continente africano, pero que, en vez de seguir as rutas migratorias principais que cruzan Europa formando anchas fronteas en dirección ós extremos occidental e oriental do mar Mediterráneo (estreitos de Xibraltar e Bósforo), e tamén utilizando a “ponte” sobre o Mediterráneo central formado por Sicilia e a península Itálica, seguen a liña do litoral contorneando a costa occidental da Península Ibérica e facendo unha ruta migratoria que, aínda que secundaria con respecto ás principais antes citadas, é moi favorable para conseguir boas observacións polos motivos seguintes: 1) é invariable e precisa, gracias á referencia fixa e permanente constituída pola liña de costa; 2) a súa fronte é moi estreita, sendo de feito un corredor entre o espazo aéreo sobre o mar desde o que é visible a costa e a primeira liña de alturas cara ó interior; e 3) precisamente á causa das dúas características anteriores, esta ruta migratoria costeira resulta moi influída polos ventos, de maneira que, cando estes sopran forte en sentido contrario ó do fluxo migratorio, as aves terrestres que seguen dita ruta tenden a pousarse en espera do cambio de vento, buscando lugares axeitados para proporcionarlles alimento e descanso, como é en grao máximo a ría de Corme e Laxe, o que explica a presenza neta de tantas especies distintas durante os pasos migratorios, sobre todo nos días nos que concorren as condicións meteorolóxicas referidas.

- A Costa da Morte é a zona da Europa continental, é dicir, sen incluír as illas, que está menos alonxada dos territorios da costa atlántica de América do Norte nos que, durante o paso outonal, prodúcense as maiores concentracións de aves migratorias na súa viaxe anual cara ó Sur (como son, sobre todo, a rexión do golfo de San Lourenzo e a provincia de Nova Escocia, no Sudeste do Canadá), polo que está situada dun xeito moi

favorable para que cheguen a ela algunhas de ditas aves migratorias que perden a súa ruta e desvíanse cara ó interior do océano Atlántico, debido ós ventos ou a outras causas accidentais, e que conseguen alcanzar as costas occidentais europeas, levándose rexistradas ata o momento na ría de Corme e Laxe (e, máis concretamente, no seu esteiro do Anllóns) 27 especies distintas de aves de América do Norte, número superior dun modo claro ó rexistrado en calquera outro lugar concreto da Península Ibérica e, de xeito moi probable, de toda a Europa continental, pero que ascende a 33 especies distintas, representadas por case 200 individuos en total, no caso de sumar ademais as aves de América do Norte que teñen sido rexistradas en douslugares tan próximos como son o espazo natural de Traba e a ría de Camariñas.

Ademais da referida presenza de especies de América do Norte, tamén foron rexistradas na ría de Corme e Laxe, aínda que en menor número e de forma máis irregular e esporádica, especies raras de procedencia siberiana, centroasiática e africana, polo que todo isto fai que esta ría sexa un espazo de valor excepcional, no ámbito da península Ibérica, para ter a oportunidade de ver especies raras procedentes de lugares moi alonxados e diversos, sendo en consecuencia lóxico o gran interese que xa esperta, tanto en Galicia como fóra dela, entre os numerosos observadores que se dedican dun xeito especial a tratar de atopar aves de ditas especies raras, co conseguinte e constante incremento do número de visitantes que se senten atraídos por esa posibilidade.

Xa para rematar, e aínda que por falta de espazo non sexa posible estenderse máis, é necesario completar os datos xa expostos antes co dato importante e significativo de que ata o momento teñen sido observadas na ría de Corme e Laxe, polo menos unha vez, 304 especies de aves en total (contando entre elas 9 subespecies científicamente recoñecidas e distinguibles no campo), cifra que supera á de calquera outro lugar concreto de Galicia, sendo

o espazo natural de Traba o que ocupa o segundo posto con 281 especies (contando entre elas 5 subespecies). Tamén é interesante coñecer que un cómputo que comprendera en conxunto todas as especies rexistradas na ría de Corme e Laxe e no espazo natural de Traba daría un resultado total de 330 especies distintas (contando entre elas 9 subespecies), dato que acredita o enorme valor de estes dous lugares da Costa da Morte, tan próximos entre sí, en canto a diversidade ornítica, aínda que dito valor sexa nada máis que unha parte dó que teñen en realidade en canto a biodiversidade en xeral.



LITERARIA: Eduardo Pondal e Antón Zapata

Neste novo número do Furacán recolleemos tamén dous poemas que fan referencia á nosa terra, ao noso contorno. Velaí como aparecen Mórdomo, Soesto, Traba, Carrabete... nos versos de Eduardo Pondal e de Antón Zapata. Le a modo, que a poesía é sagrada!

Cando te vexo me acordo
de quen non me poido olvidar,
ouh, figueiredo de Mórdomo,
de Mórdomo, ouh, figueiral:
a túa garrida sombra,
alá no medio do vran,
vista de lonxe, parece
que dá frescura e solaz.
Debaixo das túas follas
hai garrido areal,
cunhas areas tan brancas
que veñen da beira do mar,
que a quen te mira convidan
ó sono... e outras cousas máis.
Reina dentro do teu seo
silencio tan xogoral,
que tan só de cando en cando
se oe o garrido compás
das túas follas compridas,
coa doce brisa do mar,
ou o pío se se ofrece,
dun paxariño quizais.
O cansado camiñante
que vai coa calor do vran,
ó verte de lonxe di:
- De Mórdomo o figueiral.
E pasa diante, ben triste,
porque non pode parar.
Non, non é na súa casa
nin á vista de seus pais,
onde se buscan as nenas
para con elas falar;
mais debaixo das túas follas,
onde testigos non hai:
¡ouh figueiredo de Mórdomo
de Mórdomo, ouh, figueiral!



*Eduardo Pondal. Queixumes
dos pinos. 1886.*

Os pinales da lembranza.

Pinales de Carrabete,
pinales de Quela Banda
¡ouh pinales de Soesto,
de San Simón e de Traba!...
¡Como vos lembro pinales
pola costa laxeirana!
Trinta e dous anos sen vervos
¡e aínda zoades na miña alma!
Quen puidera voltar a escoitarvos
cos mortais ouvidos, as cántigas!
Camiño de Camariñas
-cando miña nai finara-
ben me lembro cal zoabades
ao pasar por xunto A Basa...
¡Era como un De Profundis
o zoar das vosas arpas!
Tristes zoares que zoan
noite e día na lembranza.
¡Quen puidera tornar a escoitarvos
cos mortais ouvidos, as cántigas!
Pola banda de Frexufre,
pola de San Pedro e Cándoas,
fronte ao Mar dos Artabrorums,
¡pinales! sodes a patria:
Os vosos zoares, no vento,
chegan a min, como falas...
Lonxe, lonxe, pola América,
O voso zoar me acompaña...
¡Quen puidera volver a escoitar-
vos,
Cos mortais ouvidos, as cántigas!

*Antón Zapata. A roseira da soidade.
1954.*

Aí o tes. Supoñemos que moitos deses piñeirais e, sobre todo, o figueiredo de Mórdomo estarán conservados como é debido, porque é parte do noso patrimonio desde, cando menos, 1886, ano no que o poeta Pondal falou del. Non estaría de máis tampouco algún sinal ou lenda preto do figueiral que lembrase esta composición. Os reporteiros do Furacán iremos en breve ata alí e faremos unha cumprida reportaxe. Aviso, pois, a quen corresponda. Reparade en que un pobo que esquece o seu pasado xamais será dono do seu futuro.

Dos caras de un vampiro

Unha experiencia do clube da lectura do noso centro. A autora é Cristina Rojo Pardiñas.

INTRODUCCIÓN

Año 1917, toda Letonia invadida por la guerra, la gente intenta escapar con vida, pero la mayoría no lo consigue...

Me llamo William Scher, y soy una de las pocas personas que logró escapar con vida pero... ¿a qué precio?

Dejar a mi familia atrás viendo como otros la matan...

Ver como tu pueblo está sufriendo y poco a poco ya no queda nada de él.

Tener que aguantar como todo se desvanece y te quedas solo...

El dolor, la rabia, sentir que estoy muerto y al mismo tiempo vivo, ¿daré las gracias por esta segunda oportunidad, o intentaré suicidarme?

La primera opción sería contradecir mis principios, la segunda una tontería y, difícil, aunque no imposible.

Tras estos años de sufrimiento, la guerra ha terminado, yo poseo la vida eterna, pero no tengo dinero.

Tengo que decir que sospechaba la existencia de los vampiros, aunque nunca consideré la opción de transformarme en uno de ellos.

Tendré que plantearme la idea de viajar hacia el sur, y luego según los acontecimientos puede que me dirija hacia el norte de América.

Creo que en cuanto tenga el dinero suficiente me reuniré en Francia con un viejo amigo, que, según me he informado, también ha sufrido esta extraña transformación.

A pasado mucho tiempo... pero aún no he conseguido asimilarlo. Ser un vampiro es más difícil de lo que un simple humano puede llegar a imaginar.

La luz del sol no me quema, y aún no se la razón. Y no toda la sangre me atrae, solo bebería cero negativo, creo que es por la poca que hay.

Aún recuerdo mi primera víctima. Una pequeña niña que se encontraba en medio de todo aquel despliegue de armas. Recuerdo que llevaba puesto un vestido blanco, que resaltaba aquellos bellos rizos negros.

Algo en mi me impulsó a hacerlo. Sin pensarlo dos veces me lancé sobre la pobre niña, y le clavé mis colmillos en su pequeño y delicado cuello.

Cada vez que pienso en su cuerpo tembloroso, en su asustada cara y en su tierna mirada, me da gana de clavarme una estaca en lo más profundo de mi corazón. Y sufrir, sufrir como debió sufrir ella.

Lo tengo siempre presente. "He matado a una vida corta e inocente".

Aunque no era yo en esos momentos, fue mi sed quien la devoró. Pero aún me siento culpable...

CAPITULO 1

"LA INVITACIÓN"

-Buenos días señor Scher, ¿a dónde desea que le lleve?
-A casa del Tom, por favor.

La gran limusina negra, brillante y sin un solo rasguño salía de la gran mansión. La mansión era considerablemente grande, de piedra y con un enorme jardín. El señor Scher tenía bastante dinero después de estar varios años trabajando con Tom Lacorde, y ahora, son los dueños en común



de un gran periódico en Londres.

Tom Lacorde también vivía en una especie de mansión de diseño rústico, como las de antes, pero a diferencia del señor Scher, él vivía con su hermana Michelle.

Ella era una mujer de gran belleza, alta, rubia, de ojos verdes... y con una gran inteligencia. En cambio su hermano tenía el pelo negro, pero también tenía los ojos verdes y una gran inteligencia.

Ambos eran atractivos y jóvenes, pero yo me sentía atraída más bien por William.

-¡Muévete Violet!, se nos está amontonando el trabajo.

-Sí Reichel, lo siento.

-No deberías mirar de esa manera al señor Scher, un día de estos se entera.

-Soy incapaz de evitarlo, tú ya sabes lo que siento por él Reich.

-Bueno, de todas maneras deberías intentar no mirarlo así.

Nos dirigimos hacia la lavandería, situada en el bajo de la gran mansión. Allí Alicia y yo empezamos a doblar ropa. Pasados unos minutos, bajó Wind con el correo.

-Violet, ha llegado una invitación para ti.

-¿Para mí? ¿Estás segura?

-Sí, aquí pone claramente Violet Stamm.

Me dio la invitación y la abrí lentamente, para causar un poco de tensión y la leí en voz alta.

-El Sr. Harper tiene el placer de invitar a la Srta. Violet Stamm a la fiesta de máscaras que se celebrará el próximo 23 de diciembre en el club "Eclipse".

La fiesta comenzará a las 23:00 y todos los invitados deberán asistir con una máscara.

Atentamente, Harper



-¡Qué suerte!, ya me gustaría a mí que me invitaran. ¿Pone ahí algo de llevar acompañante?

-No, pero es igual, no pienso ir - musité.

-¿Cómo que no piensas ir?, esas fiestas siempre están muy bien, y además, te mereces un descanso.

-Bueno Reich, tal vez tengas razón y si deba ir.

Al final Wind, se decidió a hablar.

-Es cierto Violet, deberías ir. No todos los días te invitan a una de esas fiestas.

-De acuerdo. Iré.

-Necesitarás un vestido, ¿Qué tal si te acompaño al centro?

-Gracias Reich, entonces iremos esta tarde si no te importa.

-¡Claro!

La mañana me pasó volando.

Reich y yo terminamos de limpiar y cogimos un taxi para llegar al centro.

Cuando llegamos, aquello estaba atestado de gente, aunque eso no nos impidió nuestra misión de encontrar un vestido.

-Mira Violet, este es perfecto.

Era un vestido de seda, de un color crema que llegaba hasta las rodillas.

Me lo puse, y me sorprendí al ver que me quedaba muy bien.

-Te queda como un guante.

-¿Tú crees? – me hice un poco la tonta.

-¡Sí!, vas a estar preciosa.

Al día siguiente, pedí permiso a William para que me dejara ir a la fiesta esta noche.

-Señor Scher...

-¿Sí?

-Quería pedirle permiso para ir a una fiesta de máscaras a la que me han invitado.

-¿Te han invitado a la fiesta de máscaras de Harper?

-Sí...


-¡Qué casualidad!

-¿Casualidad?

-Sí, a mí también me han invitado, si quieres puedes venir con migo, Violet.

-Claro, si a usted no le importa...

-Violet, ¿cuántas veces te tengo que decir que no me trates de usted? Llámame simplemente Will.



-Vale... Will.

-Entonces, tómate la tarde libre para prepararte.

-Muchísimas gracias, señor... digo Will.

Will echó una gran carcajada.

-Entonces, estate lista para las diez y media ¿vale?

-Vale.

Corrí a mi habitación para prepararme.

Me duché, y luego me peine y me vestí.

Cuando bajé las escaleras, me sorprendió ver que Will ya estaba allí esperándome con cara de asombro.

-Vaya... ¡Estás preciosa Violet!

-Gracias Will.

Llevaba el pelo suelto con tirabuzones y el flequillo liso hacia los lados. Es color caoba, y

mis ojos azules resaltaban tras el ligero maquillaje en tonos claros y la máscara que ocultaba la menor parte de mi cara.

Will me llevó hasta la gran limusina negra todo caballero y abrió la puerta.

CAPÍTULO 2

“LA FIESTA DE MÁSCARAS”

Cuando entramos en el club, me quedé deslumbrada. Aquello estaba lleno de vampiros. Ahora todo el mundo sabía de su existencia, y era fácil reconocerlos, piel pálida, ágiles, ojos dorados y de una belleza extrema. Tom Lacorde y su hermana Michelle también eran vampiros.

No bebían sangre humana, ahora les daban una vacuna que hacía que no necesitaran beber. Los humanos ya no teníamos ninguna razón por la que temerles, aunque aún quedaban vampiros que se habían negado a llevar la vacuna y vivían apartados.

¿Quieres bailar con migo Violet?

-Por supuesto.

Cuando entramos en el club, me quedé deslumbrada. Aquello estaba lleno de vampiros. Ahora todo el mundo sabía de su existencia, y era fácil reconocerlos, piel pálida, ágiles, ojos dorados y de una belleza extrema. Tom Lacorde y su hermana Michelle también eran vampiros.

No bebían sangre humana, ahora les daban una vacuna que hacía que no necesitaran beber. Los humanos ya no teníamos ninguna razón por la que temerles, aunque aún quedaban vampiros que se habían negado a llevar la vacuna y vivían apartados.

-¿Quieres bailar con migo Violet?

-Por supuesto.

No creía que estuviese bailando con Will, me había pillado por sorpresa mientras admiraba la hermosura del local. Mi voz había sonado un tanto estúpida, aunque él no pareció darle importancia.

Will bailaba verdaderamente bien, en cambio yo parecía un pato mareado a su lado.

Se acercó un poco más a mí, y me quedé perpleja con su hermoso rostro. Era lo más parecido a un príncipe azul de un cuento de hadas.

Su pelo corto y negro daba vida a sus intensos ojos dorados. Sus fracciones eran perfectas, y el traje negro resaltaba mucho su piel pálida. Me quede atontada mirándole y empecé a recordar lo que Reich me dijo que le había contado su madre.

Me dijo que antes, Will tenía el pelo largo y un poco rizo. Lo llevaba siempre en una coleta y no era tan negro como lo es actualmente. También me dijo que había estudiado arte, por eso su mansión estaba llena de cuadros.

Will se acercó aún más a mí.

Fue entonces cuando empecé a hiperventilar.

Sus labios se acercaron a los míos y entonces me dijo al oído:

-Será mejor que salgas a fuera a tomar el aire, pareces mareada y no me extraña. Aquí dentro hace mucho calor, ¿quieres que te acompañe?

-No, no es necesario Will de verdad.

-¿Estás segura de qué no quieres que te acompañe?

-Totalmente segura.

-Está bien, te esperaré junto a la barra.

Salí a fuera con el corazón casi saliéndose de mi pecho.

Por un momento creí que Will me besaría, que estúpida.

Decidí alejarme un poco del club, aún estando fuera hacía mucho calor porque estaba lleno de gente.

Después de apartarme de la multitud, sentí como la presencia de alguien detrás de mí.

Me bloqueé.

Y fue entonces cuando algo me agarró del cuello y me impidió gritar.

Me llevó hasta un callejón y allí se dejó ver.

Era un vampiro que me miraba con cara sedienta y fue entonces cuando empecé a temer por mi vida y a rezar para que Will apareciera...

[SIGUE A HISTORIA DE WILL E VIOLET EN WWW.LIBROSOCABO.FOROACTIVO.NET](http://WWW.LIBROSOCABO.FOROACTIVO.NET)

TALLER DE LITERATURA

1. O tautograma:

Consiste en escribir un texto de extensión media (7 ou 8 liñas, por exemplo) pero cunha condición: todas as palabras teñen que comezar pola mesma letra. No sorteo que fixemos tocou a letra M, por tanto todas as palabras empezarán por esa letra. Velaí un modelo e despois probade vós:

Merendamos moito. Metía medo mirar meteoricamente marmeladas, manteiga, morangos... María manifestou mareos, malestar. Miña madriña mandou marchar. Médico mira María. Mándalle mercar moitas medicinas. María mañá merendará medicamentos máxicos. Mmmm! Mentres Manoliño morderá morcillas, macarróns, mazás...

2. Texto monosílabo

Agora construímos un textiño (se cadra con cinco liñas para empezar chega) no que todas as palabras que empregues deben ter unha soa sílaba. Modelo primeiro e logo vós:

Xa o sei. Só eu vin a luz. El deu cun pé no con e...pa! Non ten sol. Só gris: gris o chan, gris a flor, gris o mar... Non vou ir. Eu luz, cor, sol e el só gris. Non ten fe e sen fe non vai ben. A ver que fai! Fin.

3. O lipograma.

E para rematar un texto no que temos que prescindir de determinadas letras para a súa composición. Un exemplo: creamos unha mensaxe de naufrago de extensión media (8 ou 9 liñas) pero sen empregar nunca as letras L e N.

Illa deserta. A miña vida aquí é moi dura. Escasos víveres, espido, só auga suxa. Como cocos, piñas e ata formigas ou arañas cruás. Hoxe estou preocupado. Oio rúidos estraños e berros terroríficos de escuras criaturas agochadas, á espera. Os mapas estragados. Estarei preto das Sisargas? Vou percorrer este sitio. Apañei espada e paos afiados por se... Mañá espero seguir e escribir outra carta. Resistirei?

OPINIÓN: Manifesto da Real Academia Galega

Achegámosvos o manifesto "UNHA LINGUA PARA TODOS", Comunicado do Plenario da Real Academia Galega lido na Coruña polo seu Presidente nas vésperas do 17 de maio, Día das Letras Galegas 2009

Diante dos pronunciamentos e as comunicacións públicas que dun tempo a esta parte se están a producir arredor da lingua galega, moi especialmente sobre a súa presenza nas aulas de ensino non universitario, e dada a significación histórica desta institución fundada en 1906 baixo a presidencia de Manuel Murguía, constituída a prol da defensa e a dignidade do noso idioma e da nosa cultura, e depositaria do ordenamento normativo da lingua por decisión do Parlamento de Galicia e a Lei de Normalización Lingüística (1983), a Real Academia Galega séntese na obriga e no deber moral de pronunciarse nos seguintes puntos, que consideramos fundamentais.

1. A lingua galega é unha riqueza, patrimonio común de todos os galegos, lingua milenaria, posuidora dun rico acervo histórico que nos sitúa en pé de igualdade entre as culturas todas do mundo. A lingua galega forma parte substancial da identidade e do recoñecemento de Galicia como nación e como colectividade. Como dicía Ramón Piñeiro, a quen este ano honramos o Día das Letras Galegas, "para que unha comunidade humana teña categoría de pobo, para que teña unidade íntima e transcendente, ha de ter unha alma de seu. E un pobo ten alma de seu cando posúe idioma, cando fala nunha lingua propia, que tal é o que significa a palabra idioma. A lingua vén a ser a alma viva do pobo que a fala, vén a ser a súa comunidade esencial".

2. Como lingua propia de Galicia, o galego dános identidade no mundo, pero tamén nos relaciona con outros espazos aos que, cumprindo unha función comunicativa, non queremos nin debemos renunciar. A lingua galega non é incompatible co coñecemento e o uso doutras linguas, moi especialmente o castelán, e vencéllanos coa irmandade galego-luso-brasileira, que nos abre a varios continentes e que nos

universaliza. Xunto co castelán, o inglés e o coñecemento das novas tecnoloxías da comunicación, propias da sociedade global da que formamos parte, os homes e mulleres da Galicia do noso tempo, cidadáns dun novo século conscientes do valor do seu idioma, dispoñemos de posibilidades certamente privilexiadas para nos relacionarmos co mundo e, sen renunciarmos a nós mesmos, exercer como cidadáns universais.

3. Ninguén é propietario da lingua. Como patrimonio común, herdado dos nosos avós e dos devanceiros, a lingua é de todos os galegos, mesmo daqueles que non tiveron a fortuna ou a oportunidade de recibila de seu na infancia. A lingua é uncemento que nos une, no que nos recoñecemos e que nos proxecta cara ao futuro, polo que de ningunha maneira podemos aceptar nin discriminacións pola súa causa nin que se abran fendas na sociedade común, que facemos entre todos, creando ou promovendo guetos ou espazos estancos. Irresponsablemente estaríamos a producir unha freita social que endexamais existiu e que tería gravísimas consecuencias para o futuro.

4. A convivencia, o respecto e a harmonía deben presidir en todo momento as actuacións que arredor da lingua se desenvolvan, tendo unha cousa presente: un idioma castigado durante séculos, asoballado na súa historia, abaixado na consciencia dos seus falantes esixe un tratamento activo, unha política estratéxica e decidida por parte do goberno e da administración, accións que o doten de recursos para igualalo con aqueles outros idiomas que non viviron ese proceso. O rexurdir do idioma galego vai acompañado do rexurdir da autoestima dos seus falantes e dos que como patrimonio común o teñen, da dignidade colectiva e da modernidade do país en todos os seus ámbitos.

5. A situación lingüística da Galicia de hoxe xa non é unha situación diglósica típica, con dúas linguas que se usan para funcións diferentes (galego para usos informais e castelán para usos formalizados); pero tampouco se pode dicir que o uso do galego ou do castelán dependa simplemente do interlocutor. O galego avanzou, pero a súa desproblematización e a súa progresiva conversión en lingua de uso natural e normal (normalización) levou os contrarios a este proceso a manchar a palabra normalización, como se significase agresión aos que non teñen o galego como lingua habitual, e a erguer o falso concepto de liberdade, que parecen entender como dereito a non falar nunca o galego.

6. Para superar esta situación cómpre, entre outras medidas, reforzar a presenza da lingua galega no ámbito escolar, con especial atención ás primeiras idades, para que o idioma xurda de seu nos ámbitos máis próximos (na familia e na escola). Cómpre facelo respectando a lingua das familias, procurando con extremo coidado o afecto e a convivencia naqueles casos en que a lingua primeira non sexa o galego. Mais cómpre unha política activa ao respecto, na procura dunha capacitación e dun coñecemento real do idioma (non unha utilización litúrxica do mesmo), promovendo con recursos o seu uso e implementándoo como lingua vehicular doutros coñecementos na escola.

7. O novo clima lingüístico que trouxo a Constitución de 1978 abriu as portas a unha convivencia de linguas. Dende que Galicia ten autonomía política, gobernos de diferente signo tentaron impulsar a recuperación social do idioma centrando as actuacións moi principalmente no ámbito educativo. Mais a política lingüística non pode ficar reducida ás aulas. Aínda que a acción educativa é fundamental para a conformación das destrezas do idioma e mais para o seu prestixio e o seu recoñecemento no imaxinario social, a acción de uso e os recursos deben orientarse asemade a outros espazos fundamentais na vida pública: os medios de comunicación de masas, as industrias do lecer e da cultura, as novas tecnoloxías, a publicidade, a vida empresarial, o funcionariado, a administración pública, a xustiza, a igrexa, a universidade, o mundo do traballo, o comercio, a economía, conscientes de que a lingua é tamén unha marca de calidade, tarxeta de presentación identitaria nos espazos da globalización. Traballar a prol da lingua significa concitar, estimular e avivar todos os sectores que configuran o corpo social.

A Real Academia Galega observa con preocupación os pronunciamentos e as polémicas que, partidarias as máis das veces, nacidas ben do exceso de celo, ben do prexuízo lingüístico, deben ser superadas pola acción dun goberno que aspire a ser de todos os cidadáns. Tamén resulta preocupante que as primeiras decisións lingüísticas anunciadas pola Xunta de Galicia sexan todas desprotectoras da lingua galega.

Convidamos aos responsables do novo goberno a que escoiten as institucións que, como a presente, veñen traballando de vello polo idioma, con información, metodoloxía e estudos certos, na procura dun acordo social integrador, a prol do uso, a dignidade e a continuidade do idioma, que debería sustentarse en catro principios básicos:

1º Compromiso de arredar a lingua galega da controversia partidaria. A lingua é de todos e todos teñen cabida para acadar o seu pleno uso normal.

2º Impulso do multilingüismo. Na anterior lexislatura potenciouse o trilingüismo en moitos centros escolares (galego, castelán e inglés), que agora podería ampliarse a unha cuarta lingua, sen esquecer o acceso ás linguaxes das novas tecnoloxías.

3º Reafirmación e desenvolvemento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, que no seu día, por unanimidade, apoiou o Parlamento de Galicia (Doc. núm. 17629, BOPG núm. 622 do 07.09.04).

4º Compromiso de impulsar unha cooficialidade simétrica dentro da Constitución, na que todos os cidadáns teñan dereitos e deberes co castelán e co galego, única forma de acadar a igualdade cidadá.

Os poderes públicos están obrigados a meditar serenamente a qué escenario queren levar a sociedade galega, tendo sempre presente que a lingua galega non é un problema, senón unha oportunidade.



TEST CULTURAL: Coñeces ben o teu concello?

Co seguinte test saberás se realmente es un bo coñecedor da historia, xeografía, costumes... do teu concello ou ben precisas unha rápida formación. Sinala a opción correcta para cada unha das cuestións que che propomos e despois calcula a túa situación:



1. O Concello de Laxe ten, aproximadamente:
 - a) Entre 1000 e 2000 habitantes.
 - b) Arredor de 2.500 habitantes.
 - c) Entre 3.500 e 4.000 habitantes
 - d) Máis de 4.500 habitantes.
2. A ermida de Santa Rosa está situada no alto do monte:
 - a) San Xusto.
 - b) Freixeiro.
 - c) Vermello.
 - d) Cornaceiras.
3. O Pazo de Leis atópase na localidade de:
 - a) Soesto.
 - b) Serantes.
 - c) A Torre.
 - d) Coéns.
4. Conta a lenda que baixo a lagoa de Traba quedou asolagada a localidade de:
 - a) Coristanco.
 - b) Mentón.
 - c) Valverde.
 - d) Carracedo.
5. As Melgueiras é un lugar que pertence á parroquia de :
 - a) Nande.
 - b) Traba.
 - c) Serantes.
 - d) Soesto.
6. As minas de caolín que en tempos houbo no concello, foron fundadas aproximadamente en:
 - a) Entre 1930 e 1940.
 - b) A partir do ano 2000.
 - c) En 1900.
 - d) No ano 2007.
7. A praia de Traba ten unha lonxitude aproximada de :
 - a) 500 metros.
 - b) 10 km.
 - c) 1 km.
 - d) 3 km.
8. A festa da Braña celébrase na parroquia de :
 - a) Serantes.
 - b) Traba.
 - c) Soesto.
 - d) Nande.
9. O dolmen chamado Fornela dos Mouros atópase no lugar de:
 - a) Boaño.
 - b) Mórdomo.
 - c) A Torre.
 - d) Aprazadoiro.
10. A parroquia de Traba ten aproximadamente:
 - a) Arredor de 700 habitantes.
 - b) Máis de 2000.
 - c) Menos de 500.
 - d) 233 habitantes.
11. Entre os penedos de Traba hai un que recibe o nome de:
 - a) Torre alta.
 - b) Pena dos xudeos.
 - c) Pena Trevinca.
 - d) Torre da Moa.
12. En que ano, aproximadamente, caeu un avión de combate na praia de Traba:
 - a) No ano 2009.
 - b) Entre 1940 e 1950.
 - c) Entre 1960 e 1980.
 - d) O ano pasado.

Resultados:

- Entre 0 e 4 acertos: Pero ti realmente es deste Concello? Non serás de Corme? Precisas unha importante percorrido polo teu arredor. Abre os ollos!

- Entre 5 e 8 acertos: Vaia, algunha cousiña si que sabes, pero quédache tanto aínda por aprender!

- Entre 9 e 12 acertos: Estás no nivel de expertos. Xa podes representar ao teu concello en calquera concurso.

Noraboa!

JORGE E O SEU SONO



Na cidade anúnciase que hai un casting para adolescentes, o premio é de 30.000 € e sacar un CD.

O día do casting ... Entrado o Xurado ao pavillón.



O primeiro adolescente que se presentou... Faía de Dj, interpretando remixes...

As longo da mañá foron presentándose varios adolescentes ...



Xa participaron ... e o tempo límite rematou.
 Agora o xurado dá o ganador...
 Xa son as 11:00 e Jorge estaba non espertou.



O xurado xa dictou un ganador...



O pai de Jorge falou co director do casting... para que lle dera unha oportunidade ao seu fillo...

O director viu que era de boa xente e dulle unha oportunidade...



O director do casting quedou a braxado co talento do rapaz, co seu aire flamenco...
 Así decidiu que Xavi o rocceiro debía formar un grupo de flamenco chamado "Galegos flamencos".
 Por fin Jorge viu o seu soño conseguido.



Fotos das actividades no curso 2008-2009